



## **CIRCULAR 63-2022. Modificada 02/06/2022** **CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA SUB10, SUB12 E SUB 14 EN PISTA AO AIRE LIBRE**

- A todas as delegacións da FGA.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

**Art.1)** A F.G.A organiza o Campionato Xunta de Galicia Sub10, Sub12 e Sub 14 de pista ao aire libre que terá lugar no Estadio Gregorio Pérez Rivera de Lugo o domingo 5 de xuño do 2022.

**Art.2)** Poderán participar todos os/as atletas con licenza F.G.A. durante a tempada actual 2022.

**Art.3)** Sistema de competición.

- **Participantes.**

Clasificaranse as 16 mellores marcas da actual tempada dos/as atletas inscritos/as. Todos os/as atletas deberán ter acreditada unha marca oficial na proba na que se inscriben, debendo reflectila na inscrición (non se admitirá ningún atleta sen marca).

- **Participacións máximas.**

Cada atleta poderá participar nun máximo de 2 probas do programa e categoría. No caso de ser carreiras, soamente unha poderá superar os 250m.

- **0 relevo non conta coma proba.**

- **Número de intentos.**

Nos concursos, os atletas terán catro intentos.

**Art.4).** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do domingo 29 de maio do 2022.** Lémbrese a obrigatoriedade de especificar a data e lugar da marca nas inscricións. Unha vez recibidas as inscricións publicarase o luns para que os clubs remitan as baixas nun período de 24 horas e así poder comunicar o listado definitivo o mércores 1 de xuño.

- En caso de non facilitar as baixas dos/as atletas clasificados/as en máis de dúas probas ou en dúas de máis de 250m, a secretaría técnica eliminará directamente aquelas en que este peor situado. Despois do 1 de xuño non se admitirán nin baixas nin repescas. [competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal)

**Art.5).** Entregaranse medallas ós/ás tres primeiros/as atletas de cada proba en cada categoría, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.



**Art.6).** Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, por diante, agás nos saltos que poden levar por diante ou por detrás, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma poderá ser motivo da descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema de colocación, a organización non facilitará imperdibles.

**Art.7).** Durante o transcurso do Campionato, un/ha atleta pode ser excluído/a de participar nunha ou varias probas no caso de que se clasificase nas eliminatorias (no suposto de habelas) e non participase na rolda seguinte, ou ben que confirme a súa inscrición e finalmente non participe (agás casos autorizados directamente polo Comité Técnico).

**Art.8).** Para as categorías **Sub 10 e Sub 12** non é obrigatorio o uso de tacos nin saída en posición agachada, nin medición do vento nas probas de velocidade e saltos horizontais. Na categoría **Sub 14** e obrigatorio: a saída con catro apoios (con ou sen tacos) nas probas de velocidade e valados e a medición de vento nas probas de velocidade, valados (80v) e saltos horizontais.

**Art.9).** Programa de probas.

| CATEGORIA MASCULINA |                |                     | CATEGORIA FEMININA |                |                     |
|---------------------|----------------|---------------------|--------------------|----------------|---------------------|
| SUB 10              | SUB 12         | SUB 14              | SUB 10             | SUB 12         | SUB 14              |
| 50                  | 60             | 80                  | 50                 | 60             | 80                  |
|                     |                | 150                 |                    |                | 150                 |
| 500                 | 500            | 500                 | 500                | 500            | 500                 |
| 1000                | 1000           | 1000                | 1000               | 1000           | 1000                |
|                     | 2000           | 2000                |                    | 2000           | 2000                |
| 1km marcha          | 2km marcha     | 3000 marcha         | 1km marcha         | 2km marcha     | 3000 marcha         |
|                     |                | 80v (0.84)          |                    |                | 80v (0.84)          |
|                     |                | 220v (0.76)         |                    |                | 220v (0.76)         |
|                     |                | 1000<br>Obstáculos  |                    |                | 1000<br>Obstáculos  |
| Lonxitude           | Lonxitude      | Lonxitude           | Lonxitude          | Lonxitude      | Lonxitude           |
| Altura              | Altura         | Altura              | Altura             | Altura         | Altura              |
|                     |                | Triplo*             |                    |                | Triplo*             |
|                     |                | Pértega             |                    |                | Pértega             |
| Peso 1kg            | Peso 2kg       | Peso (3kg)          | Peso 1kg           | Peso 2kg       | Peso (3kg)          |
|                     |                | Xavelina<br>(500gr) |                    |                | Xavelina<br>(400gr) |
| Pelota (200gr)      | Pelota (300gr) |                     | Pelota (200gr)     | Pelota (300gr) |                     |
|                     |                | Disco (800gr)       |                    |                | Disco (800gr)       |
|                     |                | Martelo (2kg)       |                    |                | Martelo (2kg)       |

\* Carrerira máxima 15m



**Art.10).** Horario provisional

| <b>HORARIO PROVISIONAL DO CTO. XUNTA DE GALICIA SUB 10 E SUB 12</b> |                |                   |              |                    |                |
|---|----------------|-------------------|--------------|--------------------|----------------|
| <b>XORNADA MAÑÁ</b>   |                |                   |              |                    |                |
| 10:00   | 2km marcha H/M |                   | Peso sub10 M | Lonxitude sub10 H  | Pelota sub12 H |
| 10:20   | 1km marcha H/M |                   |              |                    |                |
| 10:35   | 2000m sub12 H  |                   |              |                    |                |
| 10:45   |                | Altura sub 12 H/M |              |                    |                |
| 10:47   | 2000m sub12 M  |                   |              |                    |                |
| 11:00   | 60m sub 12 M   |                   | Peso sub10 H | Lonxitude sub10 M  | Pelota sub12 M |
| 11:10   | 60m sub12 H    |                   |              |                    |                |
| 11:25   | 50m sub10 M    |                   |              |                    |                |
| 11:35   | 50m sub10 H    |                   |              |                    |                |
| 11:50   | 1000m sub12 M  |                   |              |                    |                |
| 11:58   | 1000m sub12 H  |                   |              |                    |                |
| 12:00   |                | Altura sub 10 H/M | Peso sub12 M | Lonxitude sub 12 H | Pelota sub10 H |
| 12:06   | 1000m sub10 M  |                   |              |                    |                |
| 12:14   | 1000m sub10 H  |                   |              |                    |                |
| 12:25   | 500m sub12 M   |                   |              |                    |                |
| 12:32   | 500m sub12 H   |                   |              |                    |                |
| 12:39   | 500m sub10 M   |                   |              |                    |                |
| 12:46   | 500m sub10 H   |                   |              |                    |                |
| 13:00   |                |                   | Peso sub12 H | Lonxitude sub12 M  | Pelota sub10 M |
| 13:10   | 4x50m sub10 M  |                   |              |                    |                |
| 13:20   | 4x50m sub10 H  |                   |              |                    |                |
| 13:35   | 4x60m sub12 H  |                   |              |                    |                |
| 13:45   | 4x60m sub12 M  |                   |              |                    |                |

**Cadencias Salto de Altura**

|               |                 |      |      |      |      |      |      |    |
|---------------|-----------------|------|------|------|------|------|------|----|
| <b>Sub 10</b> | <b>Homes</b>    | 0,93 | 0,99 | 1,04 | 1,08 | 1,12 | 1,15 | +3 |
| <b>Sub 10</b> | <b>Mulleres</b> | 0,83 | 0,89 | 0,94 | 0,99 | 1,02 | 1,05 | +3 |
| <b>Sub 12</b> | <b>Homes</b>    | 1,10 | 1,14 | 1,18 | 1,22 | 1,25 | 1,28 | +3 |
| <b>Sub 12</b> | <b>Mulleres</b> | 1,08 | 1,12 | 1,16 | 1,20 | 1,24 | 1,27 | +3 |

**Táboas de saltos:** de 3m e de 1m.

**SAÍDA A PISTA TRALA PRESENTACIÓN CÁMARA DE CHAMADAS**

**Carreiras:** 10min antes da hora oficial da proba

**Concursos:** 20 min antes da hora oficial da proba

**Entrada en Cámara de chamadas:** ata cinco minutos antes da saída oficial a pista. Os/as atletas terán a obriga de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír ca camiseta na man ou gardada



**HORARIO PROVISIONAL DO CTO. XUNTA DE GALICIA SUB 14**

**XORNADA DE TARDE**

|       |                   |                   |                    |                  |                 |
|-------|-------------------|-------------------|--------------------|------------------|-----------------|
| 16:30 | 220v sub14 H      | Altura sub14 H/M  | Peso sub 14 H      | Triplo sub14 M   | Martelo sub14 M |
| 16:40 | 220v sub14 M      |                   |                    |                  |                 |
| 16:55 | 80m sub14 H       |                   |                    |                  |                 |
| 17:05 | 80m sub14 M       |                   |                    |                  |                 |
| 17:15 | 500m sub14 H      |                   |                    |                  |                 |
| 17:22 | 500m sub14 M      |                   |                    |                  |                 |
| 17:30 |                   |                   | Peso sub14 M       | Triplo sub14 H   | Martelo sub14 H |
| 17:35 | 1000 obst sub14 H |                   |                    |                  |                 |
| 17:45 | 1000 obst sub14 M | Pértiga sub14 H/M |                    |                  |                 |
| 17:53 | 1000m sub14 H     |                   |                    |                  |                 |
| 18:00 | 1000m sub10 M     |                   |                    |                  |                 |
| 18:10 | 80v sub14 M       |                   |                    |                  |                 |
| 18:25 | 80v sub14 H       |                   |                    |                  |                 |
| 18:30 |                   |                   | Lonxitude sub 14 M | Xavelina sub14 H | Disco sub14 M   |
| 18:40 | 150m sub14 M      |                   |                    |                  |                 |
| 18:50 | 150m sub14 H      |                   |                    |                  |                 |
| 19:05 | 2000m sub14 M     |                   |                    |                  |                 |
| 19:15 | 2000m sub14 H     |                   |                    |                  |                 |
| 19:30 |                   |                   | Lonxitude sub 14 H | Xavelina sub14 M | Disco sub14 H   |
| 19:35 | 3km M. sub14 H/M  |                   |                    |                  |                 |
| 20:00 | 4x80m sub14 M     |                   |                    |                  |                 |
| 20:10 | 4x80m sub14 H     |                   |                    |                  |                 |

**Cadencias Salto de Altura**

|               |                 |      |      |      |      |      |      |      |      |      |     |
|---------------|-----------------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|-----|
| <b>Sub 14</b> | <b>Homes</b>    | 1,15 | 1,23 | 1,29 | 1,34 | 1,38 | 1,42 | 1,45 | 1,48 | 3/3  |     |
| <b>Sub 14</b> | <b>Mulleres</b> | 1,10 | 1,17 | 1,23 | 1,28 | 1,32 | 1,35 | 1,38 | 1,41 | 1,44 | 3/3 |

**Cadencias Pértiga**

|               |                 |      |      |      |      |       |  |  |  |
|---------------|-----------------|------|------|------|------|-------|--|--|--|
| <b>Sub 14</b> | <b>Homes</b>    |      |      |      |      |       |  |  |  |
| <b>Sub 14</b> | <b>Mulleres</b> | 1,82 | 2,02 | 2,19 | 2,31 | 10/10 |  |  |  |

**Táboas**

**Lonxitude:** 3m

**Triplo:** 6 e 8 (con limitación de carreira de 15m)

**SAÍDA A PISTA TRALA PRESENTACIÓN CÁMARA DE CHAMADAS**

Carreiras: 10min antes da hora oficial da proba

Carreiras valadas: 15min antes da hora oficial da proba

Concursos (agás pértega): 20 min antes da hora oficial da proba

Pértega: 35 min antes da hora oficial da proba

**Entrada en Cámara de chamadas:** ata cinco minutos antes da saída oficial a pista. Os/as atletas terán a obriga de saír á zona de competición coa camiseta posta. Non poderán saír ca camiseta na man ou gardada



**CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

**Art.11).-** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 24 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA [competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal)
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2022.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

**Art.12).-** O aforo estará regulado conforme ás limitacións establecidas no momento da competición, seguindo sempre a normativa sanitaria e a normativa da instalación

**Art.13).-** Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

**Art.14).-** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 24 de maio de 2022

Carlos Castro Vicente  
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo